

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

Bases e convocatoria de axudas para o transporte escolar durante o curso 2020-2021

1.- FINALIDADES E OBXECTO

O Concello de Mesía apoiará, de cara o curso escolar 2020-2021, aos estudantes que residan no concello e cursen estudos de bacharelato ou formación profesional con título homologado fóra dos límites do concello, co fin de facilitarlles o seu desprazamento diario. Exclúense os estudos superiores (universitarios, doutorados, ...).

Deste xeito, conforme ao disposto na Base núm. 18 das de execución do orzamento municipal para o ano 2020, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, convócase, para o curso académico 2020-2021, subvencións para transporte escolar, cun orzamento total, retido na aplicación orzamentaria 231.48000, de 5.400,00 € (cinco mil catrocentos euros).

2.- BENEFICIARIOS

Para ser beneficiario desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que a/o alumna/o para quen se solicita a axuda non supere os 25 anos de idade.
- b) Que a/o alumna/o para quen se solicita a axuda estea empadroada/o no Concello de Mesía cun ano de antigüidade.
- c) Que a/o alumna/o para quen se solicita a axuda curse estudos de bacharelato ou formación profesional con título homologado e para os que sexa necesario desprazarse diariamente fóra do concello.
- d) Que a unidade familiar da/o alumna/o estea ao día no pago das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- e) Que os ingresos brutos "per cápita" anuais da unidade familiar da/o alumna/o non supere o salario mínimo interprofesional multiplicado por 2. Considerarase, a estes efectos, unidade familiar ao núcleo formado polo matrimonio ou parella de feito, así como os ascendentes e descendentes menores de 18 anos que convivan con eles no mesmo domicilio e aos maiores de idade que non superen os 25 anos sempre que estean estudando e non obteñan ingresos (incluíranse os estudos realizados en centros educativos públicos ou privados, sempre que teñan unha duración lectiva dun curso académico).

3.- SOLICITUDES

3.1. As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mesía ou dalgunha outra forma establecida no artigo 164 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3.2. As persoas que desexen optar á axuda para o transporte escolar deberán presentar a solicitude segundo o anexo I, que poderá obterse nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Mesía. Xunto coa solicitude, deberán presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do NIF da persoa solicitante da axuda ou do libro de familia no caso de que os/as alumnos/as aínda non o posúan. As familias numerosas, neste senso, aportarán fotocopia compulsada do libro de familia numerosa.
- Certificado de empadramento no Concello de Mesía do beneficiaria/o.
- Fotocopia da declaración de renda da unidade familiar do exercicio 2019 ou, no seu defecto, certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria en relación á non obriga de presentación da mesma de cada un dos membros da unidade familiar. Neste último caso, ademais do certificado negativo, deberá presentarse un certificado de empresa sobre os ingresos brutos anuais da unidade familiar, así como xustificante da pensión, no seu caso.
- Certificado, expedido polo centro, acreditativo de que a/o solicitante cursa alí estudos.
- Aquelas persoas que forman parte da unidade familiar e posúan algún tipo de incapacidade deberán aportar unha fotocopia compulsada do certificado de minusvalía expedido pola Xunta de Galicia.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o Anexo II.
- Declaración xurada da distancia entre o domicilio do solicitante e o centro de estudos, segundo o Anexo III.

- Declaración xurada dos membros da unidade familiar que conviven no mesmo domicilio, segundo o Anexo IV.
- Certificado bancario do número de conta, do beneficiario ou do representante legal, onde se vaia a realizar o ingreso da axuda.

3.3. O prazo para presentar as solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e ata o 30 de outubro de 2020.

4.- PROCEDEMENTO

O estudo e valoración das solicitudes realizarase pola Comisión de Valoración, integrada polos seguintes membros:

Presidente: Alcalde - Presidente do Concello.

Vogais: Tres concelleiros/as designados/as polo Alcalde - Presidente.

Secretario: O da Corporación.

O procedemento de estudo e valoración axustarase ás seguintes tarefas:

- Comprobación previa tendente a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixibles. No caso de que os defectos observados sexan subsanables, requiriráselles a súa subsanación no prazo improrrogable de dez días. No suposto de requisitos insubsanables, proporase a súa inadmisión.

- Á vista das solicitudes presentadas e admitidas, procederase á determinación dos beneficiarios mediante a suma dos puntos obtidos tras a aplicación dos seguintes criterios:

- > Membros da unidade familiar: Por cada membro da unidade familiar outorgarase un punto, sendo membros computables os que formen parte da unidade familiar segundo as bases da presente convocatoria.

- > Ingresos económicos: Para a súa ponderación, tomarase como referencia o SMI 2019 (900 euros/mes) por 2. A renda familiar relacionarase cos membros computables, aplicándose a seguinte puntuación:

INGRESOS BRUTOS PER CÁPITA ANUAL

de 1 € a 3.000 €..... 8 puntos

de 3.001 € a 6.000 €..... 6 puntos

de 6.001 € a 9.000 €..... 4 puntos

de 9.001 € a 25.200 €..... 2 puntos

- > Discapacidade ou minusvalía: Por cada membro da unidade familiar afectado: 4 puntos.

- > Distancia do lugar de residencia ao lugar de estudo:

QUILÓMETROS	PUNTOS
Menos de 20 Km.	2 puntos
de 21 a 40 Km.	4 puntos
de 41 a 60 Km.	6 puntos
Máis de 60 Km.	8 puntos

- Establécese que a axuda máxima a percibir pola/o beneficiaria/o non superará os 250,00 €.

5.- RESOLUCIÓN

O órgano municipal competente para resolver sobre a concesión ou denegación de axuda será o Alcalde, sendo vinculante a tal efecto a proposta de resolución emitida pola Comisión de Valoración.

A resolución definitiva ditarase antes do 15 de decembro do 2020, e conterá a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, así como as contías. Esta resolución notificarase aos interesados que foran propostos como beneficiarios.

6.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Dada a especificidade desta convocatoria, enténdese que a xustificación se cumpre coa presentación da documentación prevista na base segunda.

O aboamento da subvención realizarase mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo/a beneficiario/a antes do fin do exercicio económico 2020.

O órgano concedente poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos a fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.

7. ANEXOS

"ANEXO I

SOLICITUDE AXUDA PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DURANTE O CURSO 2020-2021 DO CONCELLO DE MESÍA

DATOS DA/O ALUMNA/O

Nome e apelidos:
NIF:
Enderezo:
Teléfono:
Centro onde cursa estudos:

REPRESENTANTES LEGAIS

Nome dos pais ou representante:
NIF dos pais ou representante:
Enderezo:
Teléfono:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Fotocopia compulsada do NIF da/o alumna/o.
- Fotocopia compulsada do libro de familia.
- Certificado de empadroamento no Concello de Mesía da/o alumna/o.
- Fotocopia da declaración de renda da unidade familiar do exercicio 2019. En defecto do anterior, certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria para cada un dos membros da unidade familiar que non teñan obriga de presentación.
- Certificado de empresa sobre os ingresos brutos anuais da unidade familiar (só no caso de non estar obrigados a presentar declaración de renda).
- Certificado, expedido polo centro, acreditativo de que a/o solicitante cursa alí estudos e cales realiza.
- De se-lo caso, certificado de minusvalía dalgún membro da unidade familiar, expedido pola Xunta.
- Declaración xurada da distancia ao lugar de estudo, anexo II.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, anexo III.
- Declaración xurada dos membros da unidade familiar que conviven no mesmo domicilio, anexo IV.
- Certificado da conta bancaria, do beneficiario ou representante legal, para o ingreso da axuda.

Mesía, ____ de _____ de 2020

Asdo.:

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA."

"ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE. AXUDAS O PARA TRANSPORTE ESCOLAR DO CONCELLO DE MESÍA. EXERCICIO 2020

D./D.^a _____, con NIF _____,
como pai, nai ou titor legal do alumno _____, beneficiario da subvención,

DECLARO, baixo a miña responsabilidade estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Mesía, ____ de _____ de 2020

Sinatura do declarante:

Asdo.:"

"ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA DISTANCIA. AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DO CONCELLO DE MESÍA. EXERCICIO 2020

D./D.^a _____, con NIF _____,
como pai, nai ou titor legal do alumno _____

DECLARO, baixo a miña responsabilidade,

1.º Que o beneficiario da subvención desprazase diariamente a (poñer o nome do centro de estudos) _____
_____ dende o seu domicilio particular sito en _____,
no seguinte medio de transporte (marca e matrícula do vehículo) _____,

2.º Que a distancia dende o domicilio do beneficiario ata o centro de estudos é de ____ quilómetros (só ida).

Mesía, ____ de _____ de 2020

Sinatura do declarante:

Asdo.:"

"ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA MEMBROS UNIDADE FAMILIAR. AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DO CONCELLO DE
MESÍA. EXERCICIO 2020

D./D.^a _____, con NIF _____,
como pai, nai ou titor legal do alumno _____

DECLARO, baixo a miña responsabilidade que no domicilio do beneficiario da subvención, sito no lugar de _____
_____, parroquia de _____, conviven real e efectivamente as seguintes persoas:

Nº	NOME E APELIDOS	NIF	DATA NACEMENTO	PARENTESCO
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				

Mesía, ____ de _____ de 2020

Sinatura do declarante:

Asdo.:"

Mesía, 24 de setembro de 2020

Asdo. Mariano Iglesias Castro.

Alcalde.

2020/6693